2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.23) MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA LIMPEZA DE MONTES CON ARBOREDO.

A proposta da Concelleira Delegada de Agricultura, Gandeira e Montes, que presenta a documentación correspondente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acordase a modificación das bases que rexeran para as axudas para limpeza de montes con arborado.

“MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA LIMPEZA DE MONTES CON ARBOREDO DO CONCELLO DE XOVE

1.- MODIFÍCASE O ARTIGO 1 RELATIVO AO OBXECTO

Donde di: “As superficies de monte que fosen obxecto de axuda na convocatoria do exercicio anterior”

Debe dicir: “As superficies de monte que fosen obxecto de axuda na convocatoria dos dous exercicios inmediatamente anteriores”

2.- MODIFÍCASE O ARTIGO 3 RELATIVO AOS BENEFICIARIOS

Donde di: “ No caso de beneficiarios de montes pertencentes á mesma unidade familiar, a axuda para limpeza limitarase á unidade”

Debe dicir: “No caso de beneficiarios de montes pertencentes á mesma unidade familiar, a axuda para limpeza limitarase á unidade, extremo que se acreditará mediante a presentación do último recibo do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) de xeito tal que o dereito a unha axuda equipararase coa existencia de un recibo do dito imposto”

3.- MODIFÍCASE O ARTIGO 5 RELATIVO Á CONTÍA DAS AXUDAS

Donde di: “O importe subvencionado ascenderá a 17,00 €por ferrado”

Debe dicir: “O importe subvencionado por metro será o que corresponda en función do crédito presupostario da correspondente partida e o número de solicitudes con dereito a axuda”.

4.- MODIFÍCASE O ARTIGO 6 RELATIVO AO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Donde di: “As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello no período que abarca desde o 21 de xaneiro ata o 10 de febreiro de 2.008”.

Debe dicir: “As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello no período que abarca desde o 2 de novembro do exercicio anterior a aquel para o que se aproban as presentes bases e ata o 28 de febreiro.

En calquera caso, as solicitudes deberán presentarse con anterioridade a proceder á roza do monte”.

5.- MODIFÍCASE O ARTIGO 9 RELATIVO AO PRAZO DE EXECUCIÓN DO OBXECTO DA AXUDA

Donde di: “Os solicitantes disporán dun prazo que abarca desde o momento da solicitude ata o 31 de marzo para a limpeza do monte.”

Debe dicir: “Os solicitantes disporán dun prazo que abarca desde o momento da solicitude ata o 28 de febreiro para a limpeza do monte.”

E donde di: “Rematados os traballos de limpeza e con data límite 31 de marzo, deberá poñerse este feito en coñecemento da Concellalía de Agricultura”

Debe dicir: “Rematados os traballos de limpeza e con data límite 31 de marzo, deberá poñerse este feito en coñecemento da Concellalía de Agricultura mediante o impreso normalizado que a tal efecto se formalizará e no que deberá indicarse a data de remate da limpeza do monte”

6.- MODIFÍCASE O ARTIGO 10 RELATIVO AO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS

Engádesse un segundo apartado coa seguinte redacción:

“Non se outorgarán as axudas, entre outros, nos seguintes casos:

- Cando o monte rozado ou limpo non coincide co sinalado na solicitude
- Cando no momento da comprobación da limpeza do monte a madeira está xa cortada.
- Cando o Concello na súa laboura de inspección comprobe que o monte foi obxecto de axuda na convocatoria dos dous exercicios inmediatamente anteriores.
- Cando o monte non pertenza ao Concello de Xove ou o seu dono non figure censado no Concello con seis meses de antelación á solicitude.”

D.24) APROBACIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE VADOS DO EXERCICIO 2008.

Seguidamente, por Secretaría dáse conta do Padrón Municipal de Vados correspondente o exercicio 2008, o cal consta de 80 usuarios, e ascende a un total de 3.135,50€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aprobado provisionalmente o Padrón Municipal de Vados, correspondente o exercicio 2008.

2º) A publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, no caso de que estas non se presentasen.

D.25) ESCRITO PRESENTADO POR D^a ILIA LAGE CANOURA, INTERESANDO ACTUALIZACIÓN DE PREZOS SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito do epígrafe presentado por D^a Ilia Lage Canoura, con DNI 33.991.971-H con domicilio en Veiga, 6 (Rigueira), no que como adxudicataria do Servizo de Axuda no Fogar Coidados, S.L, é o abeiro do disposto na base 20^a do prego regulador, interesa a actualización económica no prezo unitario por hora de servizo.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal, con data 26 de setembro de 2008, obrante no expediente.

Enterada, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, ó abeiro do disposto na Lei de Contratos do Sector Público e nas cláusulas recollidas no prego de condicións regulamentadoras da concesión do servizo, acorda:

1º) Actualiza-lo prezo unitario por hora de servizo a 11,05 Euros (I.V.E. engadido).

O novo prezo anteriormente citado, será de aplicación efectiva a partir do 1 de setembro de 2008.

2º) Comunicar o presente acordo á solicitante, os efectos oportunos.

D.26) INFORME SOBRE EXENCIÓN POR MINUSVALÍA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS DE D. MIGUEL ANGEL MORENO ESPANTOSO.

Visto escrito de D. Miguel Angel Moreno Espantoso con DNI nº: 51.055.096-H, con domicilio en Urb. Palmeiro, 34 – 5°C (27879 Rigueira) no que presenta certificado de minusvalía con grado 38%, sendo titular dun vehículo Nissan Almera con matricula LU-5222-X; visto que a Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais outorga a exención de pagar o Imposto Municipal de Vehículos ás persoas que teñan un grado igual ou superior ó 33%; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Informar favorablemente a exención do vehículo de marca Nissan Almera con matricula LU-5222-X de D. Miguel Angel Moreno Espantoso.

2º) A remisión de toda a documentación ó Servizo Provincial de Recaudación, sito en C/Tui, 5 27004 (Lugo), os efectos da resolución da solicitude presentada.

D.27) ESCRITO DA ASOCIACIÓN EQUINA A MEDELA SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDA NA X.G.L DE 05/05/2008.

Vista solicitude de D. Leandro Quelle Franco, en calidade de Presidente da Asociación Equina A Medela, con domicilio a efectos de notificacións en Cabo, 8 (27878 Sumoas), os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 2.405,00€na Xunta de Goberno Local de do 5 de maio de 2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 721,50€

D.28) SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA A D. VICTOR DOMÍNGUEZ BEN EN ALDEA DE ABAIXO, S/N - MORAS

Vista solicitude presentada por D. Victor Domínguez Ben, con D.N.I. nº: 33705429X, con domicilio en Barreiro, 1 (27876 Moras), para entroncamento de auga para construción de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo, S/n - Morás, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesario a construción dunha arqueta de claves, a canalización de 5 metros de tubería de 25 en 10Atm .U.A e colocación dun contador e valorase a obra a realizar de acordo co vixente Acordo Regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais, en 266,26€ co seguinte desglose:

1 Arqueta con tapa de 40x40	34,86€
1 Collarín de fundición	23,63€
1 Chave de ¾ bola	6,13€
1 Chave de paso	8,92€
1 Mamelón de latón	2,61€
4 Mano obra 1 oficial e 2 peóns	124,00€
5 Metros canalización	15,00€
1 Reducción de 1" - ¾ latón	2,23€
1 reduccion de ¾ a ½ latón	0,73€
2 Terminais de 25 -3/4 jinten	2,90€
5 Metros de tubo de 25 en 10 Atm	8,53€
Subtotal:	229,53€
IVA 16%:	36,73€

TOTAL 266,26€

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Victor Domínguez Ben para construción de vivenda unifamiliar sita en Aldea de Abaixo, S/n – Moras.

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Faise constar que os traballos de colocación do contador serán executados polo solicitante.

2º) A notificación do presente acordo ó interesado os efectos procedentes.

D.29) RECTIFICACIÓN DE INFORME SOBRE AUTORIZACIÓN DE VAO PERMANENTE DE CARGA E DESCARGA DE MAGUEREZA, S.L.

Por Secretaría dase conta da rectificación do informe relativo a autorización de vao permanente de 5,00metros para carga e descargas de Maguerza, S.L.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala:

- Infórmase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.

- O pintado de beirarrúa efectúrase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se formule por parte dos servizos técnicos deste Concello dito vao.

- Si as obras realízanos os servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de carga e descarga de 5,00metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais

MAN DE OBRA:

1,25 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

MATERIAIS:

Pintura e materiais (2,5Kgs a 10€).....25,00€

GASTOS TOTAIS:

Man de obra.....16,00 €

Materiais..... 25,00 €

Total gasto 41,00 €

16% I.V.A.....6,56€

Valoración Municipal47,56€

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Aprobar a rectificación do informe por solo pintado de vao de carga e descarga de 5,00metros de Maguerza, S.L en Avda. Diputación, 40 – Xove.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.30) RECTIFICACIÓN DE INFORME SOBRE AUTORIZACIÓN DE VAO PERMANENTE DE D. JOSE LOUZAQ QUELLE.

Por Secretaría dase conta da rectificación do informe relativo a autorización de vao permanente de 3,00metros de D. José Louzao Quelle.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala:

- Infórmase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.

- O pintado de beirarrúa efectúase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se formule por parte dos servizos técnicos deste Concello dito vao.

- Si as obras realízanos os servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de 3,00metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais

MAN DE OBRA:

1 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

MATERIAIS:

Pintura e materiais (2Kgs a 10€).....25,00€

GASTOS TOTAIS:

Man de obra.....13,00 €

Materiais.....20,00 €

Total gasto 33,00 €

16% I.V.A.....5,28€

Valoración Municipal38,28€

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Aprobar a rectificación do informe por solo pintado de vao de 3,00metros de D. José Louzao Quelle en Avda. Diputación, 35 – Xove.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.31) RECTIFICACIÓN DE INFORME SOBRE AUTORIZACIÓN DE VAO PERMANENTE DE D. ROMAN ESCOBAR BRAVO.

Por Secretaría dase conta da rectificación do informe relativo a autorización de vao permanente de 4,00metros de D. Roman Escobar Bravo.

Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala:

- Infórmase favorablemente a concesión do vao que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.

- O pintado de beirarrúa efectúase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se formule por parte dos servizos técnicos deste Concello dito vao.

- Si as obras realízanos os servizos de obras municipais o custo dos traballos analízase do modo seguinte para un vao de carga e descarga de 4,00metros, de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais

MAN DE OBRA:

1,15 horas de oficial de 1ª a 13 euros/hora.

MATERIAIS:

Pintura e materiais (2,15Kgs a 10€).....21,50€

GASTOS TOTAIS:

Man de obra.....14,95€

Materiais..... 21,50€

Total gasto36,45€

16% I.V.A.....5,83€

Valoración Municipal42,28€

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Aprobar a rectificación do informe por solo pintado de vao de 4,00 metros de D. Romas Escobar Bravo en Avda. Diputación, 3 - Xove.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.32) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O REMATE EXTERIOR DE FACHADAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR INSTADA POR D^a. ANGELINA FERNÁNDEZ FRA.

Visto escrito de D^a. Angelina Fernández Fra, con DNI nº: 76564108-Y e con domicilio en Gondar, 5 (27879 Monte), no que solicita a aprobación do abono da subvención outorgada na Xunta de Goberno Local do día 14 de xullo de 2008 relativa o remate exterior de fachadas da vivenda unifamiliar sita en Gondar, 5 – Monte.

Visto informe do expediente respectivo emitido polo Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a edificación encóntrase totalmente pintada exteriormente, de acordo coa documentación presentada no seu momento, e subscrita polo interesado, situándose dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas subsidiarias do Concello de Xove. Gondar – Monte(Xove).

Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978 de 23 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela en que se ubica a edificación pese a diferenza de Normativa aplicable entre ambos planeamentos, enténdese que se puido outorgar a licenza que se solicitaba, sempre e cando a mesma se ativese por completo ao solicitado.

PINTADO EXTERIOR DO INMOBLE.

A edificación cujas fachadas se han pintado, adáptanse á tipoloxía do ámbito. Respectouse o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.

De acordo co anterior, infórmase que as obras encóntranse totalmente executadas, e de acordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Por unanimidade en votación ordinaria acórdase aprobar o libramento da axuda concedida a D^a. Angelina Fernández Fra, con D.N.I. nº: 76564108Y, con domicilio en Gondar, 5 (27879 Monte), por importe de 300,00€ condicionado a que se atope ó corrente das súas obrigas tributarias con esta Entidade.

D.33) INFORME RELATIVO Á PETICIÓN DE RATEO DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D. ILDEFONSO CASTRO GONZÁLEZ, DERIVADO DE BAIXA DEFINITIVA DE VEHÍCULO.

Vista solicitude de rateo de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008, formulada por D. Ildefonso Castro González, con D.N.I. nº: 33992735T, con domicilio en Ponte do Carro, 4 (27879 Rigueira), por baixa con data de 19/08/2008 do vehículo Mercedes matrícula Lu-1318-T, según acredita con documentación da Xefatura de Tráfico.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Informar favorablemente o rateo da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2008, correspondente a 2 trimestres do ano 2008, estimando procedente a devolución destes trimestres ó interesado, por importe de 44,80€

2º) A notificación do presente ó interesado e ó Servizo de Recaudación, sito en C/ Tui, 5 (27004 Lugo), os efectos da resolución da solicitude transcrita.

D.34) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRA NAVE ALMACÉN SITA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CAMBA, PARCELA, 42.

Vista solicitude de Manuel Rego Bermúdez con DNI nº: 33784922S e con domicilio en Avda. Cantarrana, 8 baixo (27850 Viveiro) en representación de la entidade “Mareber, S.L” de cambio de titularidade de licenza de obra nave almacén sita no Polígono Industrial de Camba. Parcela 42 - Xuances, que na actualidade figura a nome de Mareber, S.L para que figure como novo titular Construcciones Rego, S.L.

Visto Informe de Arquitecto Técnico Municipal no que sinala: “ A vista da documentación achegada polo solicitante e de acordo cos datos obrantes nos arquivos municipais, faise constar;

- En data 25 de febreiro do ano 2008 concedeuse licenza para a construción dunha nave almacén na parcela 42 do Polígono Industrial de Camba, de acordo co proxecto redactado polo Arquitecto D. Jesús Fernández López
- Infórmase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita, a favor da empresa Construcciones Rego, S.L, quedando invariable as condicións da licenza de obra outorgada no seu día e condicionada á aceptación expresa asinada polo inicial titular a empresa Mareber, S.L.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra de nave almacén sita no Polígono Industrial de Camba. Parcela 42 - Xuances para que sexa substituído como titular Construcciones Rego, S.L.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

D.35) ACORDO DE DEVOLUCIÓN DO AVAL CONSTITUÍDO POR AUTOMOCION “LA JUNQUERA LUGO, S.L.” PARA CONCURSO SUBMINISTRO DE MOTONIVELADORA ARTICULADA DE SEGUNDA MAO E RODILLO.

Visto a solicitude de D. Fernando Iglesias Rey con DNI nº: 35442728G e con domicilio en C/ Alvaro Cunqueiro, 4 (36600 Vilargacia de Arousa) en representación de Automoción La Junquera Lugo, S.L, en relación á petición de devolución de aval con nº 8929/001 constituído como garantía no concurso subministro de motoniveladora articulada de segunda mao e un rodillo para responder da participación no concurso epigrafiado.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º) A devolución do aval nº 8929/001 constituído pola empresa “Automoción La Junquera Lugo, S.,L,” para responder ante o Concello de Xove polo concurso subministro de motoniveladora articulada de segunda mao e un rodillo.

2º) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, tramites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

D.36) SOLICITUDE DE D^a. SAGRARIO FRANCO RODRÍGUEZ DE CERTIFICACIÓN DE ANTIGÜIDADE DE EDIFICIO-CASA E GARAXE SITA EN CASTELO, 3 - XUANCES.

Dada conta do escrito presentado por D^a. Sagrario Franco Rodríguez, con D.N.I. n^o 33995821G, e con domicilio en Castelo, 3 (27877 Xuances), no que solicita unha certificación de antigüidade da casa-vivenda e garaxe sitos en Castelo, 3 – Xuances. Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria e visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, acórdase:

1^o) Adherirse ó informe do Arquitecto Técnico Municipal que se transcribe literalmente: “Comparecido o Técnico que subscribe na edificación a cal antigüidade se solicita, no lugar de Castelo, 3, da parroquia de Xuances, no termo municipal de Xove, puido constatar que se trata dunha edificación anexa como ampliación da existente, composta de planta baixa para garaxe e unha altura como ampliación da vivenda primitiva.

A ampliación existente, composta de planta baixa e unha altura, ten unhas dimensións de 6,30 metros de fachada e un fondo de 8,75 metros, polo que ocupa dentro da parcela unha superficie de 55,13m².

De acordo coa inspección ocular realizada e o estudio da documentación presentada así como pola consultas efectuadas, a edificación na que se sitúa a vivenda e a súa ampliación e o garaxe, a certificación do cal se solicita, está construída con anterioridade ao ano 1990. Así mesmo se fai constar que nos arquivos municipais non consta como aberto expediente algún de infracción urbanística da edificación que nos ocupa”.

2^o) Dar traslado da documentación elaborada polo Arquitecto Técnico Municipal á interesada aos efectos procedentes.

D.37) ESCRITO DA COMUNIDADE DE MONTES LAXAMOURA SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL DO 29/07/2008.

Vista solicitude da D. Antonio Paleo Riveira, en calidade de vocal da Comunidade de Montes Laxamoura con CIF n^o: E27106988, e con domicilio a efectos de notificacións en Vilariño, 5 (27879 Monte), os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 3.000,00€na Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1^o) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas

2^o) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 900,00€

D.38)AXUDA DE GANDERÍA A D. ELIAS FERNÁNDEZ PERNAS.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo, da Sra. Delegada de Agricultura, Gandería e Montes e do veterinario en exercicio neste Concello, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Elias Fernández Pernas, con D.N.I. n^o: 33991992Q, con domicilio en Gondar, 6 (27879 Monte), por morte dun xato, por importe de 120,00€

D.39) ACORDO DE CONCESIÓN DE AXUDAS Ó ESTUDIO PARA O CURSO 2007-2008 DE TRANSPORTE E COMEDOR.

Por Secretaria dáse conta do informe da Traballadora Social, D^a Ana de la Barrera Vila relativo á solicitudes de becas transporte e comedor para o curso 2007-2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acorda a concesión e denegación das axudas ó estudio seguintes, así como a notificación os interesados:

CONCEDIDAS:

<u>NOME:</u>	<u>IMPORTE:</u>
- D. Alexandre Fernández Pino	300,00€
- D ^a . Yesica Loureiro Cociña	300,00€
- D ^a . Gema Suárez García	300,00€

DENEGADAS:

<u>NOME:</u>	<u>MOTIVO DA DENEGACIÓN:</u>
- D. David Bermudez Ramudo	Non ter xustificada a súa asistencia durante o curso 2007-2008
- D. Aurelio Riveiro Cociña	Por presentar a solicitude fora de prazo.

D.40) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. EUGENIA LAGE SOTO

Vista solicitude formulada por D^a. Eugenia Lage Soto, con D.N.I. nº: 33763847P, con domicilio en Vilacha, 40 (27877 Portocelo), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 2 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Eugenia Lage Soto como beneficiaria do mesmo, durante 2 horas semanais; debendo aboar o importe de 1,42€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes

D.41) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. MARIA FE CAO EXPÓSITO

Vista solicitude formulada por D^a. María Fe Cao Expósito, con D.N.I. nº: 33827356Z, con domicilio en C/ Tomas Mariño Pardo, 10 – 2ºD (27870 Xove), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 8 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. María Fe Cao Expósito como beneficiaria do mesmo, durante 8 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 1 ano.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.42)CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DA CALIDADE INDUSTRIAL E O DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO DE GALICIA E O CONCELLO DE XOVE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE REDES DE TELECOMUNICACIÓN S EN FÍOS DE ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA, EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS

OU PARQUES EMPRESARIAIS, NO MARCO DO PLANO ESTRATÉXICO GALEGO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do borrador do convenio do epígrafe. Dáse conta igualmente da proposta de Alcaldía de data 7 de outubro de 2008, obrante no expediente.

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

Primeiro.- Aprobar o acordo de cooperación entre a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e o Concello de Xove para o desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga en polígonos industriais ou parques empresariais, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información.

Segundo.- Por a disposición da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia un espazo na Parcela de Equipamento (EDS) do Parque Empresarial de Xove de dimensións 5x7metros para o proxecto de desenvolvemento de redes de telecomunicacións sen fíos de acceso á Internet de banda larga en polígonos industriais ou parques empresariais, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, nas condicións reflectidas no devandito acordo.

Terceiro.- A ratificación do presente acordo polo Pleno Corporativo.

D.43) SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE D. JESUS MIRAGAYA PRIETO.

Visto escrito de D. Jesus Miragaya Prieto con D.N.I. nº: 77595895J, con domicilio en Acceso Campo de Fútbol, 26 (27870 Xove) no que solicita que lle sexa outorgada por parte deste Concello a tarxeta de estacionamento para minusválidos, acompañando certificado do grao de minusvalía do 83%, e no que sinala que non ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo.

Visto ó informe emitido pola Traballadora Social, e a documentación obrante no expediente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Conceder a tarxeta de estacionamento solicitada, adscrita ó vehículo marca Ford Tourneo Connect matrícula 7236 GHK.

2º) A Notificación D. Jesus Miragaya Prieto con domicilio en Acceso Campo de Fútbol, 26 - Xove, os efectos procedentes.

D.44) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. DOLORES DÍAZ MARTINEZ.

Vista solicitude formulada por D^a. Dolores Díaz Martinez, con domicilio en Avda. Diputación, 60 (27870 Xove) na que solicita a redución de 3 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 6 horas/ semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 6 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.45) SOLICITUDE DE D^a. NATALIA FRA FERNÁNDEZ PARA CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA USO AGROPECUARIO EN REGOSANGUENTO.

Vista a solicitude formulada por D^a. Natalia Fra Fernández con DNI n^o: 77595130F e con domicilio en Veiga, 3 (27879 Rigueira), para entroncamento de auga para uso agropecuario en Regosanguento - Rigueira, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires da data de subministro; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

- 1^o) A aprobación da concesión do entronque a D^a. Natalia Fra Fernández para uso agropecuario en finca sita en Regosanguento – Rigueira.
- 2^o) A notificación á interesada os efectos oportunos.

D.46) ESCRITO DE D^a. CATIA ALEXANDRA RIBEIRO CARVALHO, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de D^a. Catia Alexandra Ribeiro Carvalho con domicilio en Vilela, 3 (27879 Rigueira) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con n^o de recibo: 807800.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede dita baixa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1^o) Autoriza-la baixa solicitada.
- 2^o) A notificación á interesada así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.47) SOLICITUDE DE TRANSPORTES PARAISO, S.L PARA CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA PARCELA NO POLÍGONO DE CAMBA.

Vista solicitude presentada por Transportes Paraiso, S.L, con CIF n^o: B-27102870 e con domicilio en Polígono Industrial de Camba, Parcela 22 (27877 Xuances), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros para estación de servizo sita na Parcela 22 do Polígono Industrial de Camba, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do Fontaneiro Municipal no que sinala que será necesaria a colocación dun contador, xa que o resto do entronque xa esta de obra. Ditas obras serán inspeccionadas polo persoal do Concello; por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1^o) A concesión do entroncamento solicitado, facendo constar que os traballos de colocación do contador serán executados pola empresa solicitante.
- 2^o) A notificación do presente acordo ó interesado, os efectos procedentes.

D.48) SOLICITUDE DE TRANSPORTES PARAISO, S.L PARA CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIROS PARA PARCELA NO POLÍGONO DE CAMBA.

Vista solicitude presentada por Transportes Paraiso, S.L, con CIF n^o: B-27102870 e con domicilio en Polígono Industrial de Camba, Parcela 35 (27877 Xuances), para entroncamento de auga e rede de sumidoiros para estación de lavado sito na Parcela 35 do Polígono Industrial de Camba, por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do Fontaneiro Municipal no que sinala que será necesaria a colocación dun contador, xa que o resto do entronque xa esta de obra. Ditas obras serán inspeccionadas polo persoal do Concello; por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1^o) A concesión do entroncamento solicitado, facendo constar que os traballos de colocación do contador serán executados pola empresa solicitante.
- 2^o) A notificación do presente acordo ó interesado, os efectos procedentes.

D.49) SOLICITUDE DE D^a. MARISOL FERNÁNDEZ LAMELAS PARA CAMBIO DE SITUACIÓN DE CONTADOR DA AUGA.

Vista solicitude presentada por D^a. Marisol Fernández Lamelas, con DNI nº: 76545687-P e con domicilio en Ceranzos, 26 (27877 Xuances), para cambio de situación do contador de auga sito na vivenda para trasladalo o muro da entrada da finca.

Por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do Fontaneiro Municipal no que sinala que procede o cambio de situación do contador para o muro da entrada da finca, sendo inspeccionada a obra polo persoal do Concello; por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar o cambio de situación do contador para o muro da entrada da finca, facendo constar que os traballos de colocación do contador serán executados pola solicitante.

2º) A notificación do presente acordo á interesada os efectos procedentes.

D.50) ESCRITO DO CLUBE DE TENIS PALMEIRO SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA X.G.L. DE 14 DE XANEIRO DE 2008.

Vista solicitude de D. Marcelo Gradaille Chao con domicilio en Urbanización Palmeiro, 69 3º A (27879 Rigueira) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 1.000€ na Xunta de Goberno Local de 14 de xaneiro de 2008.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.

2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 300€

D.51) SOLICITUDE DE AXUDA Ó ABEIRO DA RESOLUCION DE 6 DE XUÑO DE 2008 DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA.

Visto o disposto na resolución de 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións e axudas de aforro e eficiencia enerxética, e proxectos de enerxías renovables en Galicia, correspondentes ó exercicio de 2008, e o abeiro dos convenios suscritos entre o IDAE e o INEGA os días 2 de 3 de xullo de 2008.

Visto o expediente elaborado ó abeiro da devandita orde.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Solicitar ó abeiro da orde de referencia, unha subvención por importe de 92.752,87€ para o financiamento das obras referidas nos anexos adxuntos.

2º) Adoptar expresamente, e de acordo co apartado 3 da letra b do Artigo 4 da orde de referencia, o compromiso de realizar á actividade para a que se pide a axuda, no caso de obtela.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e cincuenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salueiro Rapa

Asdo: Luís M^a Fernández del Olmo